

Ante o feminicidio de Encarnación Regueiro Rodríguez

Hai apenas unha semana, o sábado 25 de novembro, as feministas deste país enchiamos as rúas na memoria das irmás Mirabal e de todos os feminicidios ao longo da historia. Nesta xornada de loita hamabamos a atención sobre a necesidade de organizarnos e denunciabamos a falta de actuación das institucións ante unha violencia que nos mata e que non cesa.

Dous días despois, o luns coñeciamos polos medios de comunicación un intento de feminicidio na Coruña. O mércores coñeciamos unha grave agresión machista no Porto do Son. E o venres coñecemos un novo asasinato machista consumado en Galiza. Esta violencia é insoportable e temos que parala xa!

Hoxe estamos aquí por Encarnación Regueiro Rodríguez, de 80 anos, veciña de Oroso, que foi asasinada este venres polo seu marido. Este é o terceiro asasinato machista confirmado en Galiza no que vai de ano.

Hoxe recordamos tamén a Beatriz Lijó, de 47 anos e con dous fillos, asasinada en Baiona en febreiro e a Ana Vanessa Serén, de 44 anos, que tiña unha orde de protección e foi asasinada en Oia no mes de xuño na porta do seu traballo porque o sistema fallou e ninguén a protexeu.

E hoxe estamos aquí tamén recordando ás invisibles, ás que aínda están pendentes de investigación, como Judith Muñoz González, de 37 anos, asasinada no Porriño hai dúas semanas e para quen reclamamos o máximo respecto e a máxima investigación. Por todas elas seguiremos saíndo a rúa para reclamar xustiza e que non se esquezan os seus casos.

Non podemos normalizar tres asasinatos machistas sen que pase nada. Ante cada novo asasinato machista hai cada vez máis indiferenza e atopamos por parte das institucións e dunha gran parte da sociedade unha simple declaración ritual como se fose inevitable.

Da Xunta de Galiza non podemos agardar nin iso. O Presidente da Xunta está tan ocupado facendo campaña electoral que non se tomou a molestia sequera de mandar unha nota de prensa lamentando o feminicidio. Nin sequera esa consellería que leva o nome de “Emprego e igualdade” de cara a galería dixo absolutamente nada sobre que acaben de asasinar unha muller galega polo mero feito de ser muller. A cantas nos teñen que matar para que este sexa un problema social e político de primeira orde?

Estamos en alerta feminista, a violencia atrávesanos a todas e o que está acontecendo no 2023, no que vemos o avance do negacionismo e da banalización e a vixencia da

violencia machista, require dunha resposta. É necesario rompermos co individualismo e organizarnos para facernos máis visibles e fortes, para esixir máis e mellores recursos, porque podemos e debemos facer máis. Precisamos que se cumpra e se desenvolva a lei galega de violencia, que a xustiza deixe de ser unha tortura para as vítimas que deciden denunciar, que os recursos económicos estean garantidos e que os recursos de atención e recuperación estean ben dotados de medios e de persoal.

Non somos números nin estatísticas, esiximos unha vida libre de violencia machista e que non imos parar ata conseguila e derrubar o patriarcado machista e opresor.

Querémonos vivas e seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!